

Resolución do 13 de xaneiro de 2024 do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o acceso por oposición libre a unha praza de vixiante municipal no concello de Rábade (código de procedemento PR461E).

Na sesión que tivo lugar o día 13 de xaneiro de 2024 o tribunal nomeado pola Resolución do 19 de outubro de 2023 (DOG núm. 207, do 31 de outubro) acordou por unanimidade publicar os seguintes acordos:

Primeiro. Publicar, como Anexo I a esta Resolución, a listaxe de cualificacións provisionais das persoas aspirantes do proceso de acceso por oposición libre convocadas á realización do quinto exercicio, recoñecemento médico, seguindo un criterio alfabético.

Segundo. Conforme ao establecido nas bases da convocatoria, as cualificacións obtidas polas persoas aspirantes nos exercicios da oposición publicaranse na páxina web da Agasp, e será concedido un prazo de cinco (5) días hábiles a efectos de alegacións, que se contarán a partir da publicación da resolución do tribunal pola que se publican as puntuacións do correspondente exercicio.

- a) As alegacións presentaranse preferiblemente na sede electrónica da Xunta de Galicia, sede.xunta.gal.
- b) Non obstante, cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común (Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

No caso de presentarse a alegación por calquera medio diferente da sede electrónica da Xunta de Galicia, deberá remitirse unha copia da alegación presentada e do xustificante da súa presentación ao enderezo electrónico seleccion.agasp@xunta.gal antes de que remate o prazo.

Tal e como establece a base 7.8 da convocatoria, os acordos adoptados polo Tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A Presidenta do Tribunal

Amara García Senín